

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 7 DE DECEMBRO DE 2023

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día sete de decembro de 2023, baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde en funcións, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretaria a concelleira secretaria da Xunta de Goberno Local, en funcións, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA

1. PROTOCOLO.- Acórdase validar o gasto, aprobar a autorización e o pagamento de facturas nos expedientes números 2023/K004/000060, 2023/K004/000053 e 2023/K004/000059.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acordouse non outorgar a licenza para a construción de edificio na parcela D-6 do Sector Sur-K. UZPI-2.R (EXP. 2021/Y001/000239).

Aprobáronse as licenzas para a construción de vivenda unifamiliar no núcleo rural 57.5, Rebordaos, Parroquia de O Veral (Exp. 2022/Y001/000111) e para reforma de vivenda unifamiliar en Carricova, Bacurín (Exp. 2021/Y001/000238).

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Aprobouse a contratación dos Seguros de Responsabilidade Civil Patrimonial -lote 1- Segunda prórroga do contrato 2023-2024 (Exp. 2021/C003/000030); a contratación do servizo de Mantemento, Conservación e Reparación dos C.E.I.P e Escolas Infantís municipais do Concello de Lugo (Exp. 2023/C003/000028). Adxudicación; a contratación da Obra de Adecuación e Dotación de Infraestruturas no entorno da parcela do Centro Integral de Saúde do Barrio da Residencia. Aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado. Apertura do procedemento de adxudicación (Exp. Ref. 2023/C002/000014); a contratación dos Servizos Funerarios para o enterramento de persoas sen recursos (Exp. Ref. 2020-C003-000013). Terceira prórroga dende o 22-12-2023 ata o 21-12-2024; a contratación da prestación dun Servizo de Animación Sociocultural nos Centros de Convivencia municipais e outros

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refº: ispac4405164558591339493.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2023

(lote 1) (Exp. Ref. 2019-003). Última prórroga do contrato dende o 14/11/2023 ata o 13/11/2024 (Exp. Ref. 2020/C003/000068) e a contratación do Servizo de Mantemento, Conservación e Reparación dos Edificios Municipais do Concello de Lugo (Exp. Ref. 2023/C003/000031). Adxudicación.

4. FOMENTO.- Aprobouse o convenio de colaboración entre o Concello de Lugo e “Edicións Xerais de Galicia, S.A.” con motivo do “Certame de narración curta Ánxel Fole”, que se convocará no último mes de 2023 e que se resolverá no primeiro trimestre de 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA

5. DEPORTES.- Aprobouse a iniciación e adxudicación de subvención prevista nominativamente no Orzamento polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor de “Fefeme Triatlón Miño”.

Tamén se aprobou a iniciación e adxudicación de subvención prevista nominativamente no Orzamento polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor de “Club Ciclista Cidade de Lugo”.

Fóra da orde do día

- Aprobouse o incremento retributivo do 0,5%, vinculado á evolución do IPCA, con efectos do 1 de xaneiro do 2023, previsto na Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023.

Asinado dixitalmente pola tenenta de alcaldesa delegada da área de Goberno de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos e concelleira secretaria, en funcións, da Xunta de Goberno Local, dona Mercedes Paula Alvarellós Fondo.